



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use títex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2019310001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

3



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-A-I-19



Proba A1

O seu Concello vai substituír o sistema de calefacción nos edificios públicos por un máis económico e ecolóxico, o que está a provocar un gran debate público. Despois de ver un programa de televisión, vostede decide dirixirse á Oficina Municipal de Participación Cidadá para suxerir a calefacción de biomasa. Nun correo electrónico, de **300 palabras**, vostede deberá:

- Presentarse e expresar brevemente o motivo do seu correo.
- Indicar que é a biomasa e os usos deste tipo de combustible hoxe en día.
- Expor as vantaxes da biomasa fronte a outras fontes de enerxía.
- Explicar por que é conveniente que o Concello instale calefacción de biomasa nos edificios públicos.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 test.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



Proba A2

Un amigo envíalle unha mensaxe na que lle conta que iniciou recentemente unha dieta e pí-delle que o aconselle. Despois de ler nun xornal o artigo “Algunhas escusas científicas para comer un anaco máis de chocolate”, decide contestarlle. Vostede deberá redactar un correo electrónico, de **300 palabras**, no que ten que:

- Expresarlle a súa opinión sobre a decisión que acaba de tomar e animalo a levar adiante o seu propósito.
- Valorar as informacións que aparecen nos medios sobre dietas.
- Darlle algunhas recomendacións para seguir unha dieta equilibrada e apetitosa.
- Mostrarlle como proba os beneficios de incluír chocolate na súa dieta.

De: pedro@correoelectronico.gal

Enviado: luns, 3 de setembro de 2018

Para: min@correoelectronico.gal

Asunto: A miña dieta. Non sei que facer

Ola:

Diríxome a ti porque non sei que facer en relación cun problema que teño. Decidín iniciar unha dieta hai unha semana por aquilo de mostrar bo aspecto e de mellorar o estado de saúde. Non obstante, agora atópome con que a información que existe sobre dietas en Internet é moi contraditoria. Estou moi confuso. Direiche que nunha páxina web se afirma que se deben comer catro ovos cada día e noutra que o consumo de chocolate é moi conveniente. Que alegría para min se isto último fose certo! Que me podes aconsellar?

Unha aperta,

Pedro

Algunhas escusas científicas para comer un anaco máis de chocolate

Un deses artigos que aparecen de forma recorrente nos medios de comunicación é o que trata sobre a dieta milagre, que nos axudará a perder eses quilos que se supón que temos de máis. O primeiro que se debe saber é que o de perder peso e facer dieta non é en absoluto unha invención das publicacións modernas. Pode que cen ou douscentos anos atrás non houbera a dieta Dukan, pero había outras equivalentes. Pode servir de exemplo o libro *Unmentionable*. Nas súas páxinas, a escritora do século XIX, Therese Oneill, recomendaba, para perder quilos, abrir as ventás e respirar profundamente o aire frío da mañá e seguidamente recibir unhas fregas de alcohol.

Consellos tan delirantes coma estes non son só materia dos libros de hai séculos, senón que incompreensiblemente tamén se poden atopar nos sitios web actuais, onde con frecuencia se dan recomendacións falsas que non parten do coñecemento científico e non contan co aval de persoal especializado. Este constitúe un fenómeno que resulta inexplicable hoxe en día, especialmente cando se sabe que someterse a unha dieta alimentaria inadecuada pode ser moi danoso para a saúde. Comer un pouco de todo parece ser o único consello con validez universal.

Poñamos por caso o que tantas veces nos afirmaron sobre o chocolate. Que queda por engadir sobre ese produto malvado que engorda, que é tan pouco saudable e que, como as avoas repetían, causa grans? Certamente, o chocolate non adelgaza, unha andrómena que recollía un medio de comunicación dos EE. UU. para denunciar que somos uns crédulos. Fóra deste «pequeno inconveniente», hai unhas cantas escusas rigorosamente científicas que fan que comer chocolate sexa non só aceptable, senón ata reivindicable.

O chocolate fai que quen o coma sexa listo coma un allo

É o que acaba de demostrar un estudo no que participaron varias universidades estadounidenses. Na investigación analizáronse, durante 20 anos, os hábitos de consumo de chocolate de 1000 persoas entre 23 e 98 anos e púidose establecer unha relación entre a súa agudeza mental e o consumo moderado de chocolate. A conclusión á que se chegou foi que aquelas persoas que tomaban chocolate negro polo menos unha vez á semana tiñan menor propensión a padecer hipertensión e diabetes do tipo 2, e tamén manifestaban mellores resultados cognitivos ca os que nunca tomaban chocolate. Con todo, na investigación déixase claro que estamos a falar dun suplemento alimenticio, non de algo que poida substituír todo o que se recomenda para gozar dunha boa saúde cerebral.

O chocolate fai que sexamos mellores en matemáticas

Neste caso, os datos proceden dun estudo dunha universidade británica que relacionou o consumo de chocolate coas actividades que supoñen un reto mental. Por que ocorre isto? Débese a unha razón química, concretamente a que o chocolate ten uns



compoñentes que fan que aumente o sangue que chega ao cerebro. Por iso, tras inxerir chocolate, fanse cálculos máis axiña e cansa menos quen os realiza.

O chocolate é bo para o corazón

Outra institución académica británica fixo un seguimento durante 12 anos a 20 000 persoas adultas en Inglaterra, ás que lles rexistraron parámetros médicos, ao tempo que lles medían o consumo de chocolate. Esta investigación demostrou que aquelas persoas que comían chocolate negro dun xeito regular tiñan riscos máis baixos de sufrir enfermidades cardiovasculares ca aquelas outras que non o comían.

A mala noticia é que a planta do cacao, da que se elabora o chocolate, está en risco de extinción por mor das pragas, das secas e do cambio climático. Así que... vivamos o día presente!

Texto adaptado de *Disquecool.com*

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

